

Normativa específica para o Circuito Galego de Duatlon Cross 2016

1. Compoñen o Circuito Galego de Duatlon Cross as probas que se celebran en: Beariz, Maside e Samieira.
2. Para a confección da clasificación final do circuito, é necesario rematar 1 proba como mínimo. Teranse en conta os dous, tres... mellores resultados (segundo o número de probas). O mesmo que para os Circuitos de Duatlon e Tríatlon:

CLASIFICACIÓN CIRCUÍTOS

<u>Nº PROBAS</u>	<u>SUMA DOS MELLORES POSTOS</u>
<u>3</u>	<u>2</u>
<u>4</u>	<u>2</u>
<u>5</u>	<u>3</u>

En caso de empate terase en conta: 1º. Participar en tres ou catro probas;2º. Mellor posto na última proba.

3. Vencerá o circuito o que menos puntos acade e a puntuación de cada deportista será en puntos igual ó posto que acade (exemplo: o 1º terá un punto, o 5º terá 5 puntos, ...), o deportista que non participe nunha proba terá 300 puntos. Os participantes nunha proba que non rematen acadarán a mesma puntuación co último da carreira, incluídos os descalificados.
4. Haberá en tódalas probas e ó final do Circuito as seguintes clasificacións:
 - Xeral individual (M e F)
 - Xunior (M e F)
 - Veterán (M e F)
 - Clubs (M e F)
5. Para a clasificación final de clubs seguiranse as mesmas normas que para a clasificación individual.
6. Neste Circuito e nas clasificacións finais do mesmo, non gañará nunca un deportista de licenza de un día, pero si poderá gañar en cada unha das probas e/ou estar en posto de podio en calquera das categorías existentes a nivel individual.